XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

**06/11/2026**

# AVISO FITOSANITARIO
# Revisión dos tratamentos para o control da procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa* )



A procesionaria do Piñeiro (*Thaumatopoea pityocampa*) é un lepidóptero defoliador, que se alimenta durante a maior parte do seu ciclo biolóxico das follas dos piñeiros, ocasionando perda de agullas, e principalmente perda de crecemento e debilidade nos pés defoliados.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a través dos Distritos Forestais, revisou a intensidade dos ataque de procesionaria nos piñeirais galegos, e cos resultados obtidos, no mes de xuño colocáronse trampas en montes dos distritos forestais XIV e XV de Ourense.

| Distrito | Concello | Monte | Superficie (Ha) | Nº trampas |
|---|---|---|---|---|
| XIV | A Gudiña | Comunal de Barxa | 48,80 | 20 |
| XIV | Verín | Sobral o Comunal de Queirugás | 291,50 | 78 |
| XIV | Laza | Cerdedelo e O Pereiro | 92,20 | 23 |
| XV | Baltar | Gralleiras | 5,20 | 6 |
| XV | Sarreaus | Pereiriña | 8,20 | 6 |
| XV | Sarreaus | Laga Vella, Louxa Espetada, Val de Perdices e Pousadoiro | 17,00 | 9 |
| XV | Vilar de Barrio | San Mamede e Medo | 14,00 | 7 |
| XV | Muiños | Prado | 12,00 | 4 |
| | | | **488,90** | **153** |

Estas trampas cebadas con feromonas de atracción sexual empréganse tanto para a captura de machos como para o monitoreo da praga para a realización da curva de voo. A detección do pico de voo condiciona o momentos idóneo para aplicación dos tratamentos fitosanitarios

Xacobeo 2027

Un 20% de estas trampas foron revisadas cada 15 días para realizar a curva de voo.




Na primeira quincena do mes de outubro realizáronse os tratamentos fitosanitarios biolóxicos aplicando *Bacillus thuringiensis var kurstaki*. A aplicación do tratamentos realizase mediante pulverización con cañóns instalados en vehículos todoterreo.

Para comprobar a eficacia de estes tratamentos realizáronse revisións do estado das larvas nos niños de procesionaria.

Nas revisións comprobouse que todas as larvas de procesionaria que se atopaban nos incipientes bolsóns estaban xa mortas.



